



ESPAZO EDUCATIVO E DE LECER MARÍA MIRAMONTES

SOLICITUDE DE PRAZA PARA O PERÍODO NON LECTIVO DE VERÁN

VACALUDOS VERÁN 2023

A partir do 24 de abril e ata o 7 de maio (ambos os dous inclusive), estará aberto o prazo de solicitude de praza para participar nas actividades do programa de conciliación VacaLudos de verán.

O Espazo Educativo e de Lecer *María Miramontes* (Ludoteca das Fontiñas) está ubicado na Rúa Fontes do Sar, núm. 3, en Santiago de Compostela. Conta cunha superficie total construída de 1.080,50m² e unha superficie útil de 730,63 m², dividida en dúas plantas.

Este equipamento municipal está concibido para acoller espazos de xogo libre, espontáneo e creativo e tamén dirixido, co obxecto de proporcionar aos nenos e nenas con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos, espazos acondicionados para o xogo, posibilidades de relacionarse, acceso a xogos e xoguetes e outros materiais lúdicos, animación á lectura, promoción do libro e todas aquelas propostas que favorezan, ademais, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar. Tamén está dispoñible como recurso educativo especializado para a utilización, en horario lectivo, polos centros de ensino do municipio de Santiago de Compostela.

Ten unha finalidade lúdica, socioeducativa, cívica, cultural e inclusiva, cun proxecto cuxo obxectivo principal é garantir o dereito dos nenos e nenas ao xogo e a colaborar, así, no desenvolvemento integral da persoa, polo que está equipado cun fondo organizado de xogos, xoguetes, libros e outros elementos lúdicos adecuados á súa idade. Inclúen espazos psicomotrices, áreas de xogo simbólicas e tamén xogos multimedia.

A xestión do equipamento está externalizado a través dun contrato de servizos. Un equipo de profesionais guía ás persoas usuarias na selección de xogos sensoriais, de manipulación, de movemento, de construción e de regras, de xogos multimedia simbólicos e axeitados á idade. Fomenta tamén a participación dos nenos e nenas no campo sociocultural e en actividades da súa contorna.



OBXECTIVOS

- Ofrecer un espazo axeitado para o xogo, favorecedor do desenvolvemento psicomotor, cognitivo, crítico, creativo e afectivo do neno/a.
- Traballar na creación dunha nova concepción do xoguete, ampliando a exclusividade do xoguete comercializado.
- Favorecer unha relación distinta co obxecto lúdico, a través da manipulación, recreando o seu uso, a través dun proceso globalizador de invención, construción, reparación e transformación.
- Fomentar todo tipo de iniciativas e actividades arredor da promoción do libro e da animación á lectura.
- Colaborar moi especialmente na promoción da lingua galega, do xogo popular e tradicional, da animación á lectura e na recuperación de xogos e xoguetes que teñan que ver co noso acervo cultural propio.
- Facilitar a conciliación familiar.

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO SERVIZO

2.1 POBOACIÓN DESTINATARIA

Nenos e nenas empadroados ou que estean matriculados nun centro de ensino no municipio de Santiago de Compostela. O centro dispón dun total de 73 prazas autorizadas pola secretaría técnica de Política Social da Xunta de Galicia.

Tramo de idades	Unidades	Capacidade máxima
3 anos *	1	20
4 - 6 anos	1	30
7 - 12 anos	1	23

**nos períodos non lectivos o servizo ofértase a partir de 3 anos.*

2.2. CALENDARIO E HORARIO DE FUNCIONAMENTO:

En **horario non lectivo** (nadal, entroido, semana santa, verán) o programa funcionará nas seguintes franxas horarias:

- Luns a venres: 7:45 a 15:00 horas.

3. MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN/DISTRIBUCIÓN DAS QUENDAS

O servizo préstase en diferentes modalidades tendo como xustificación a conciliación da vida persoal, laboral e familiar dos usuarios e as usuarias do centro.



- Modalidade: seis quendas:

QUENDAS	DATAS	TOTAL DÍAS
1ª QUENDA	Do 22 ao 30 de xuño de 2023 (22, 23 ,26, 27, 28, 29 e 30).	7
2ª QUENDA	Do 3 ao 14 de xullo de 2023 (3, 4, 5, 6, 7, 10, 11, 12, 13, 14).	10
3ª QUENDA	Do 17 ao 31 de xullo de 2023 (17, 18, 19, 20, 21, 24, 26, 27, 28 e 31).	10
4ª QUENDA	Do 1 ao 14 de agosto de 2023 (1, 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10, 11 e 14).	10
5ª QUENDA	Do 17 ao 31 de agosto de 2023 (17, 18, 21, 22, 23, 24, 25, 28, 29, 30 e 31).	11
6ª QUENDA	Do 1 ao 8 de setembro de 2023 (1, 4, 5, 6, 7, 8**).	6 aprox

** O derradeiro día da quenda 6 o marcará o inicio do curso 2023/2024

- As persoas usuarias poderán desfrutar dun máximo de dúas quendas, agás haxa prazas dispoñibles noutras.
- No caso de quedar prazas baleiras nalgunha das quendas asignaranse tamén segundo os criterios de prioridade indicados no punto 4 e será a única vía para a adxudicación de máis de 2 quendas.
- As persoas usuarias deberán solicitar, unicamente e por orde de prioridade, as quendas de interese.
- O Centro asignará as prazas en función dos criterios de acceso e da prioridade seleccionada polas familias solicitantes.

4. PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE DE PRAZA

Para poder participar no programa de actividades no Espazo Miramontes é necesario cumprir co seguinte proceso:

A.- Nenos/as que non están dados de alta:

1. Todas as persoas que desexen participar nas actividades da Ludoteca (tanto nos períodos lectivos como non lectivos) deben estar **dados de alta** como requisito imprescindible (modelo ED009 educación) dispoñible na sede electrónica do Concello. Deberán cubrir o modelo de solicitude mencionado no que facilitarán a información e documentación correspondente, autorizan a estadía do menor na instalación e aceptan as condicións de funcionamento interno.



O formulario poderá descargarse da páxina web do rexistro municipal www.santiagodecompostela.gal (“trámites”) e da específica da ludoteca María Miramontes www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal.

As solicitudes presentaranse segundo modelo normalizado ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A documentación a achegar polos interesados/as no momento da alta é a seguinte:

Documentación mínima xeral:

- Documento que acredite a identidade do pai, nai ou representante legal.
- Fotocopia do libro de familia. A situación de familia monoparental acreditarase con copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno filiais.
- Copia da tarxeta sanitaria do menor.
- Xustificación de ocupación laboral, actualizada e detallada (indicando horarios laborais nas quendas solicitadas), dos titores legais.
- No caso de persoas desempregadas, certificación de ser demandante de emprego.

Documentación complementaria dependendo da situación familiar:

- Informe dos Servizos Sociais nos supostos en que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que viva a unidade familiar.
- Certificado do centro educativo no que está matriculado/a o/a/ neno/a no caso de non estar empadroadado no Concello de Santiago de Compostela.
- Acreditación da representación, se procede.
- Copia da resolución administrativa de acollemento.

2. Unha vez realizado o trámite, facilitaráselle un número de alta que xa lle permitirá solicitar diferentes servizos a través da web do centro.
3. Solicitarán a inscrición no programa para a actividade ou actividades ofertadas cubrindo o formulario correspondente da páxina web da Ludoteca.

A alta do servizo non garante o uso inmediato do mesmo dadas as limitacións espaciais e a normativa correspondente. Para poder facer uso do servizo, as persoas dadas de alta (usuarios/as do servizo) que teñan a confirmación correspondente e que desexen facer uso do mesmo deberán solicitar a súa praza, cunha antelación mínima de 2 días hábiles na web da ludoteca co fin de poder xestionar con antelación a dispoñibilidade de prazas.



B. Nenos/as que xa están dados de alta no Espazo Miramontes

Aquelas familias de nenos/as que xa están dados de alta no Espazo Miramontes deben cubrir o formulario de solicitude da páxina web www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal.

Unha vez realizado este trámite, recibirán comunicación mediante correo electrónico informando sobre o estado da súa solicitude.

Se as circunstancias laborais e familiares mudaron dende a data de alta no Espazo Miramontes deberán acreditarlo coa documentación actualizada correspondente mediante a súa presentación no Rexistro do concello.

PRAZO DE SOLICITUDE

- Período de solicitude de praza: 24/04/2023 ao 07/05/2023 (ámbolos dous inclusive).
- Comunicación de prazas: 22/05/2023.

5. ASIGNACIÓN DE PRAZAS

Durante todo o ano, este equipamento está pensado para responder ás necesidades de conciliación das familias. É por iso que o acceso aos seus servizos debe priorizar a aquelas que traballen ou que estean en tránsito do traballo a casa, entre as no horario de apertura do centro. Polo tanto é imprescindible que as familias acrediten fiel e responsablemente as circunstancias laborais na/s quenda/s solicitadas.

No caso de que houbera máis solicitantes que prazas nas diferentes quendas é preciso establecer a seguinte orde de preferencia na asignación entre aquelas persoas que están dadas de alta e presentaron a solicitude de participación no programa no período lectivo:

1. Persoas vítimas de violencia de xénero, co informe dos Servizos Sociais, que traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
2. Familias monoparentais que traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
3. Familias con ao menos un membro con incapacidade laboral (temporal ou permanente) ou discapacidade e outro que traballe ou estea en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
4. Familias separadas ou divorciadas nas que a persoa titora que teña a custodia no momento da solicitude traballe ou estea en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.



5. Familias coas dúas persoas adultas que traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.

En caso de ter que aplicar prioridade dentro deste grupo:

- 5.1. Familias con nenos e nenas en acollida.
 - 5.2. Familias con nenos e nenas en adopción.
 - 5.3. Familias numerosas.
6. Familias con ao menos un membro en desemprego e outro que traballe ou estea en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
 7. No caso de empate realizarase un sorteo público que consistirá na introdución de tantas bolas nun bombo como solicitantes desa quenda. Elaborarase unha listaxe numerada por quenda atribuíndo a cada solicitante un número nese listado. Sacarase unha bola ao azar quedando automaticamente inscrito o número extraído e os sucesivos da listaxe ata completar o número total de prazas. O resto pasará a formar parte dunha listaxe de agarda. O sorteo, de producirse, será anunciado na páxina web do Concello.

As situacións familiares descritas nos puntos 1, 2,3,4 deberán acreditar a súa situación mediante a documentación administrativa correspondente (certificado de monoparentalidade, informe de Servizos Sociais, informe médico, sentenza, etc.)

Segundo as circunstancias particulares de cada familia é importante que:

- Aquelas persoas que traballen a turnos, teñan flexibilidade horaria ou sexan persoal docente terán que aportar un certificado de emprego actualizado no que indiquen o horario no que traballarán durante as quendas desexadas. Non se aceptarán os certificados ou declaracións xerais que non acrediten as circunstancias específicas da familia nas quendas solicitadas.
- As solicitudes que non aporten a documentación requirida quedarán excluídas.
- É responsabilidade única das persoas interesadas a entrega dos certificados e declaracións de horario laboral actualizados.
- A falta non xustificada a calquera programa no período non lectivo será un criterio excluínste na seguinte solicitude.
- Aquelas familias que non precisen conciliar pero que desexen participar poderán facelo se hai prazas baleiras.

6. RÉXIME DE PREZOS

De balde, de acordo co recollido no Prego de Prescricións Técnicas que rexen este contrato e que establece a temporalidade e gratuidade do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na Ludoteca das Fontiñas ubicada no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes.



MAIS INFORMACIÓN:

Espazo educativo e de lecer “María Miramontes”. Fontes do Sar, Núm 3. As Fontiñas.
Tel: 981 542464

espazomiramontes@santiagodecompostela.gal
espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal

Concello de Santiago de Compostela. Departamento de Educación

Avda. do alcalde Raimundo López Pol, s/n. San Lázaro

Tel: 981 55 44 00-01 dptoeducacion@santiagodecompostela.gal
www.santiagodecompostela.gal